

"OS XESTORES POLÍTICOS PRECISAN MÁIS EDUCACIÓN AMBIENTAL QUE OS ESCOLARES"

CARLOS VALES

Director do CEIDA

Entrevista por Belén Rodríguez

O CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galiza, nado en 1992 mais que non comezou realmente a andar até 2001, presentou recentemente a súa Memoria de Actividades 2001-2005. Este período coincide coa dirección do CEIDA por parte de Carlos Vales, motivo polo que o entrevistamos para Cerna. Experto en bioloxía da conservación, en particular dos sistemas forestais e dos bosques autóctonos galegos, Carlos Vales foi secretario xeral de ADEGA e conta con varios libros publicados sobre problemas ambientais de Galiza. Forma parte da Comisión de Educación e Comunicación da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza) e da Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade do Consello da Cultura Galega.

© Alberte SR



- Que papel xoga a Educación Ambiental (EA) na resolución dos problemas ambientais?

A EA nace como ferramenta para facer fronte á crise ambiental que vivimos derivada do actual modelo de crecemento das sociedades humanas. Porén, a historia da EA é unha historia fracasada, non serviu para resolver o problema. Até o momento ningunha sociedade a interiorizou como estratéxica, os educadores ambientais non foron

"a historia da Educación Ambiental é unha historia fracasada... ningunha sociedade a interiorizou como estratéxica"

capaces de demostrar que son imprescindibles e a crítica ao modelo establecido é marxinal. Aínda así temos que poñer todos os esforzos posibles en redefinir o modelo de relacións dos seres humanos co contorno. Doutro xeito, imos pagar custos increíbles.

- Existen experiencias referentes sobre EA que poidamos seguir?

- Non hai referentes porque as realidades sociais, históricas e culturais son moi diferentes unhas das outras. Só se sabe que o modelo de desenvolvemento actual produce ineficiencias, iniquidades, inxustizas e degradacións múltiples. Polo xeral, a xestión do medio ambiente é incorrecta e hai prácticas ambientais eficaces que non funcionan de igual modo en todos os países. O mundo iberoamericano é o máis avanzado, pois intenta facer fronte a problemas sociais intolerábeis pola ética humana. Os problemas ambientais son problemas sociais.

- Que significou a chegada do CEIDA para Galiza?

- O CEIDA nace como centro de referencia para a EA en Galiza. O obxectivo é ofrecer aos educadores ambientais certos servizos que non atopan no seu ámbito de traballo, un lugar para a reflexión e para reforzar as súas tarefas con achegas teóricas e outras experiencias. O CEIDA encárgase de subministrar documentación e ofrecer formación nun ámbito xeográfico coherente, tal e como recomendan os congresos internacionais sobre EA. É un proxecto en construción polo que xa

pasaron 100.000 persoas e 6.000 participaron en actividades de formación ambiental. Tras 5 anos de existencia o resultado é positivo. Agora precisamos definir liñas de traballo estratéxicas máis estables, que se han de pulir segundo as demandas, e tamén máis recursos.

"os xestores do medio ambiente e os formadores son o público estratéxico do CEIDA... Debemos dar calidade e eficacia ao traballo deste público estratéxico".

- Qué relacións ten o CEIDA cos organismos públicos?

- O CEIDA é produto da vontade do concello de Oleiros, da Consellaría de Medio Ambiente e da Universidade de A Coruña. O concello cedeunos un lugar privilexiado para traballar como é a Illa e Castelo de Santa Cruz, construído no século XVI, foi residencia da escritora Emilia Pardo Bazán. Ademais das relacións institucionais máis directas, o

CEIDA ten a obriga de desenvolver proxectos conxuntos coa administración local, empresas privadas, colexios profesionais, ONGs, movementos sociais e ecoloxistas e institucións científicas que teñen vinculacións co medio ambiente. Ata o momento, máis de 60 entidades e colectivos teñen colaborado co CEIDA.

- Cales son as liñas de traballo do CEIDA?

- Por unha banda, a defensa do mar, incluída a beiramar. Agora mesmo está circulando por toda Galiza unha exposición sobre Áreas Mariñas Protexidas. Ademais lideramos este debate na Península Ibérica. Por outra banda, queremos contribuír á conservación do patrimonio natural galego, divulgando información e formando aos técnicos. O cambio climático e a incidencia sobre as boas prácticas ambientais no senso da sustentabilidade, en particular na xestión municipal, son outros dous obxectivos básicos. E a liña de traballo máis recente é a de establecer colaboracións internacionais con países, sobre todo, de lingua portuguesa.

- Como percibe a sociedade galega estas propostas?


- As percepcións son moi subxectivas. Actualmente o cambio climático "está de moda". Pasou de ser temática de ecoloxistas e científicos a ser un problema social de primeira orde. Iso non significa que á xente non lle preocupe o *Prestige*, que se acaben os bancos pesqueiros ou que se destrúan os recursos marisqueiros de Galiza. O problema é que a sociedade é incapaz de identificar

"en xeral, os dirixentes locais non son bos educadores ambientais... Como exemplo temos o alcalde de Vimianzo".

a relación que hai, por exemplo, entre a destrución do litoral con recheos e a desaparición dos bancos de ameixas. Carecemos dunha percepción profunda da situación real dos problemas ambientais. Por iso, non estamos en condicións de cambiar actitudes ambientais.

- Por qué o CEIDA decide traballar cos concellos?

- Porque, en xeral, os dirixentes locais non son bos educadores ambientais. As administracións públicas son as que fan os maiores atentados ambientais, por motivos espurios e ás veces con



Capa do libro "Memoria de actividades"

boas intencións. Isto é síntoma de que non hai que facer EA con nenos, senón con persoas que teñen capacidade de tomar decisións que provocan un impacto brutal sobre o medio. Como exemplo temos o alcalde de Vimianzo, quen pretende converter os Penedos de Pasarela (únicos en Europa) nunha canteira.

- Ten o CEIDA un público estratéxico?

- Os dous sectores estratéxicos son os xestores do medio ambiente e os formadores ambientais. O CEIDA non é un equipamento ambiental "ao uso". A diferenza é que o CEIDA non se dirixe aos escolares ou aos cidadáns en xeral, senón a aqueles con capacidade de crear conciencia ambiental nos demais. Debemos dar calidade e eficacia ao traballo deste público estratéxico.

- A sociedade en xeral ten suficiente información ambiental?

- A cantidade de novas sobre medio ambiente que se divulgan é amplísima. Isto non implica que as cousas que se din sexan correctas nin tampouco as máis relevantes. O exceso de información pódese converter en ruído e desinformación. Ninguén sabe, por exemplo, que multinacionais xaponesas están destrozando enormes masas forestais da Amazonía e que, incluso, matan aos indios que viven na zona. Esta non é unha nova cotidiana e queda moi lonxe. Así funcionan os mecanismos de comunicación. Por outro lado, cando se debate sobre acontecementos próximos e cotidianos (como a protección da beiramar) as posicións racionais, científicas ou da maioría social non teñen voz nos medios comunicativos. Só se reflicten os

argumentos dos grupos de presión e con maior influencia. Ante unha información condicionada, temos que crear grupos de presión a favor do medio ambiente e da sustentabilidade.

- A sociedade galega demanda este tipo de informacións?

- Unha parte da sociedade, si. A diferenza de hoxe con respecto a hai 20 anos é que a sociedade sabe que os problemas ambientais afectan o seu futuro e calidade de vida. Daquela este tipo de temáticas vinculábanse ás preocupacións duns poucos polos "animaliños" e a natureza. Actualmente a maioría da xente vive en ámbitos urbanos, onde os problemas ambientais teñen que ver coa mobilidade e o transporte, os residuos, o consumo de materias primas e a enerxía.

- Os galegos/as temos conciencia de risco ambiental, tras as catástrofes vividas en Galiza?

"actualmente o cambio climático "está de moda"... iso non significa que á xente non lle preocupe o Prestige, que se acaben os bancos pesqueiros ou que se destrúan os recursos marisqueiros"

- As percepcións ambientais da sociedade galega son contraditorias. Por unha banda, grande parte da comunidade rural percibe o medio ambiente como unha preocupación exclusiva de "urbanitas" e é incapaz de entender o valor dos espazos naturais nos que vive se non lle reporta cartos. Doutra banda, a nosa sociedade foi capaz de paralizar unha central nuclear, de impulsar unha Iniciativa Lexislativa Popular contra a incineración de residuos, de facer folga xeral contra o vertido de residuos radioactivos na Fosa Atlántica, etc. Somos a mestura de claro-escuros pasando polos grises.

- Que opina do actual panorama ambiental na Galiza?

- A nova Consellería de Medio Ambiente ten tomado decisións que convidan ao optimismo, tanto polas actitudes, como polos proxectos ou as capacidades do seu equipo. Estamos ante un panorama absolutamente novo.